




**DIRECCIÓN XERAL DE
SAÚDE PÚBLICA**
Memoria 2016-2017



**DIRECCIÓN XERAL DE
SAÚDE PÚBLICA** 
Memoria 2016-2017





Coordinación

Emma Fernández Nogueira

Edita

Dirección Xeral de Saúde Pública

<http://dxsp.sergas.es>
saude.publica@sergas.es


Maquetación

Idear Comunicación Visual

Índice

	05	PRESENTACIÓN
ÁREA PRIMEIRA	07	INFORMACIÓN XERAL
	07	1.1. Estrutura e cadro de persoal
	09	1.2. Misión, valores e obxectivos estratéxicos
	10	1.3. Sistemas de información de saúde pública
	13	1.4. Publicacións na web
ÁREA SEGUNDA	17	INFORMACIÓN POR SERVIZOS
	17	2.1. Servizo de Coordinación da Xestión
	21	2.2. Servizo de Epidemioloxía
	25	2.3. Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles
	35	2.4. Servizo de Xestión de Procesos e Indicadores de Saúde Pública
	37	2.5. Servizo de Seguridade Alimentaria
	40	2.6. Servizo de Sanidade Ambiental
	48	2.7. Servizo de Protección Radiolóxica
	50	2.8. Servizo de Control e Auditorías
	55	2.9. Servizo de Laboratorio de Saúde Pública de Galicia
	57	2.10. Servizo de Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde
	62	2.11. Servizo de Programas Poboacionais de Cribado
	72	2.12. Servizo de Prevención de Condutas Aditivas
ÁREA TERCEIRA	81	ÍNDICE DE TÁBOAS





PRESENTACIÓN

Investir en saúde é unha opción política. A saúde non pode asegurárselle a ninguén, nin a felicidade, nin o amor, nin a intelixencia, nin a autoestima, nin outros bens e valores fronte aos cales, desde as institucións públicas, o que debemos asumir é a responsabilidade de facilitar a súa consecución.

Nesta memoria dos anos 2016 e 2017, as máis de setecentas persoas que traballamos en Saúde Pública en Galicia quixemos reflectir o traballo levado a cabo co obxectivo de defender a saúde da poboación galega, así como incrementar e evitar a perda desta, é dicir, traballamos na protección e promoción da saúde e na prevención de enfermidades.

Defendemos a saúde da cidadanía co Plan de vixilancia dos factores de risco ambiental, coa xestión do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG) e das Redes de alerta alimentaria e de substancias e produtos químicos, coa posta en marcha do novo Plan de control oficial en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental, cos Programas de garantía de calidade do control oficial e do Laboratorio de Saúde Pública e coa avaliación dos Programas de garantía de calidade das instalacións de radioterapia, medicamento nuclear ou radiodiagnóstico.

Igualmente, presentamos as accións realizadas para incrementar a nosa saúde a través dos programas de fomento de estilos de vida saudables, das actividades de prevención e control de trastornos aditivos e da actividade inspectora para o control da normativa referente ao consumo de tabaco.

Tamén recolleemos nesta memoria as actividades do Programa galego de vacinacións, coa implantación dun novo calendario infantil e a posta en marcha do calendario do adulto do Programa galego de prevención e control da tuberculose, da Estratexia de prevención e control da infección VIH/sida en Galicia e dos Programas poboacionais de cribado, destacando a extensión a toda Galicia do cribado de cancro de colon. Todos eles comparten un obxectivo común, evitar a perda de saúde da poboación galega.

Asemade, para orientar as accións anteriores, dispoñemos dos Sistemas de Información en Saúde no eido da vixilancia epidemiolóxica e, para facilitar a realización destas, temos un servizo que efectúa a coordinación da xestión económica e orzamentaria, das publicacións oficiais da dirección, dos sistemas loxísticos de aprovisionamento, dos sistemas de comunicación interna da dirección xeral e dos programas de formación para o persoal da dirección. É tamén o servizo encargado da coordinación do procedemento sancionador en materia de saúde pública.

Contamos cunha web estruturada por áreas temáticas, onde se publican contidos propios. Ademais, temos unha serie de webs temáticas con información concreta sobre temas de interese.

Finalmente, como director deste equipo, quero agradecer o bo facer e o esforzo de todas as miñas compañeiras e de todos os meus compañeiros e tamén dedicar aquí un cariñoso recordo para as persoas que contribuíron co seu traballo á saúde pública e que por unha ou outra razón xa non están con nós.

Andrés Paz-Ares Rodríguez
Director xeral de Saúde Pública

01



INFORMACIÓN XERAL


1.1. ESTRUTURA E CADRO DE PERSOAL

A distribución das diferentes unidades da dirección xeral reflicte unha nova estrutura coa incorporación das modificacións sinaladas no Decreto 112/2015 (cuxos efectos se produciron a partir do 1 de xaneiro de 2016).

O novo decreto establece que a organización pasará a denominarse Dirección Xeral de Saúde Pública, xa que as competencias do Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e da Unidade de Innovación en Saúde pertencerán á nova Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Ademais, co novo decreto, a dirección xeral pasará a ter tres subdireccións en lugar de catro; desaparece a Subdirección Xeral de Xestión e os catro servizos que a conformaban cambian de dependencia: o Servizo de Coordinación dependerá da propia dirección; o Servizo de Control e Auditorías e o Servizo de Laboratorio de Saúde Pública de Galicia pasan á Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde; e o Servizo de Xestión dos Procesos de Saúde Pública (que en diante será Servizo de Xestión de Procesos e Indicadores de Saúde Pública) pasará á Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía.

A continuación detállase a estrutura da Dirección Xeral de Saúde Pública e o cadro de persoal:



Organigrama da Dirección Xeral de Saúde Pública, segundo a estrutura establecida cos seguintes decretos: Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG nº 46, do 6 de marzo), modificado polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, do 19 de agosto).

ESTRUTURA E CADRO DE PERSOAL

Táboa 1. Cadro de persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública	Persoal de apoio¹	Persoal técnico²	Persoal directivo³	TOTAL
DIRECCIÓN	1	0	1	2
Servizo de Coordinación da Xestión	4	2	1	7
SUBDIRECCIÓN XERAL DE INFORMACIÓN SOBRE SAÚDE E EPIDEMIOLOXÍA	1	0	1	2
Servizo de Epidemioloxía	2	10	1	13
Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles	2	8	1	11
Servizo de Xestión de Procesos e Indicadores de Saúde Pública	0	0	1	1
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROGRAMAS DE CONTROL DE RISCOS AMBIENTAIS PARA A SAÚDE	1	0	1	2
Servizo de Seguridade Alimentaria	4	10	1	15
Servizo de Sanidade Ambiental	2	6	1	9
Servizo de Protección Radiolóxica	0	0	1	1
Servizo de Control e Auditorías	1	6	1	8
Servizo de Laboratorio de Saúde Pública de Galicia	3	44	1	48
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROGRAMAS DE FOMENTO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES	0	0	1	1
Servizo de Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde	0	4	1	5
Servizo de Programas Poboacionais de Cribado	6	10	1	17
Servizo de Prevención de Condutas Adictivas	1	3	1	5
TOTAL DIRECCIÓN	28	103	16	147

Reconto realizado en xuño de 2018.

Fonte: Directorio da DXIXSP na Intranet da Xunta de Galicia, directorio da DXIXSP na Intranet da Consellería de Sanidade.

1 Persoal de apoio: persoal administrativo, informático/a, telefonista, ordenanza, condutor/a, etc.

2 Persoal técnico de profesións sanitarias (medicina, farmacia, veterinaria, psicoloxía, enfermería, hixienista dental, persoal técnico de laboratorio, persoal técnico de raios, auxiliar sanitario, etc.) e de profesións non sanitarias (estatísticos/as, documentalistas, etc.).

3 Directora xeral, subdirectores/as e xefes/as de servizo.

Ademais a dirección xeral conta con 2 persoas colaboradoras no Servizo de Epidemioloxía.

1.2. MISIÓN, VALORES E OBXECTIVOS ESTRATÉGICOS

De acordo co documento Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP), de maio de 2012, a misión desta dirección xeral é vixiar, fomentar, protexer e contribuír a mellorar a saúde da poboación galega, a través:

- Da planificación das diferentes actuacións que contribúan a mellorar a saúde, a asegurar o libre exercicio dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía, e a garantir a prestación de saúde pública (as mesmas oportunidades para previr enfermidades, e promover o mantemento e mellora da saúde de toda a poboación galega).
- Do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse por problemas asociados a determinantes da saúde modificables.

Para o desenvolvemento desta misión compartimos os seguintes **valores**:

- Traballo en equipo, en coordinación con toda a consellería.
- Equidade, na xestión dos intereses colectivos.
- Eficiencia, na utilización dos recursos.
- Mellora continua da calidade técnica e da calidade de xestión.
- Traballo acorde co coñecemento dispoñible en cada momento.
- Traballo orientado a resultados para a comunidade.

Establecéronse nove **obxectivos estratéxicos**:

1. Debemos lograr que a nosa organización sexa recoñecida pola sociedade. A imaxe que a cidadanía teña da nosa organización preocúpanos e tamén nos ocupa.
2. Debemos ser referentes na toma de decisións sobre saúde, para o cal necesitamos que outras organizacións colaboradoras, especialmente o Servizo Galego de Saúde, nos vexan como necesarios para a consecución dos seus obxectivos, e responder adecuadamente ás súas expectativas.
3. Debemos ser unha organización innovadora, tanto en aspectos técnicos como de xestión.
4. Debemos iniciar e desenvolver políticas e accións que sexan sustentables economicamente, polo que a sustentabilidade será un claro criterio de darlles prioridade ás nosas accións.
5. Debemos ser unha organización efectiva na mellora da saúde da poboación, polo que debemos ser eficaces, pero tamén, como xestores públicos que somos, debemos ser referentes na xestión eficiente das persoas, das alianzas e dos recursos.
6. Debemos asumir entre os nosos obxectivos que os nosos profesionais estean satisfeitos do seu traballo e que se sintan valorados pola organización e pola cidadanía.
7. Debemos convencer o sistema sanitario de que somos moi útiles na consecución de obxectivos comúns, e avaliar o impacto do investimento realizado en saúde pública nos resultados económicos do sistema sanitario.
8. Debemos esforzarnos en medir o noso impacto real na saúde, e demostrar que somos capaces de contribuír, de maneira clara e obxectiva, na mellora dos resultados en saúde do sistema sanitario.
9. Debemos ter capacidade de influencia, tanto nos organismos sanitarios autonómicos como nos nacionais e europeos.

1.3. SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE SAÚDE PÚBLICA

En consonancia coa Lei 8/2008, de saúde de Galicia, cando fala (artigo 71) do Sistema de Información de Saúde de Galicia, e tendo en conta as competencias asignadas á Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), lévanse anos traballando na conformación e mellora dos sistemas de información que dependen desta dirección xeral, seguindo estas liñas directrices:

- Integración dos sistemas entre si, de maneira que elimine duplicidades, asegure compartir os datos e permita a cada parte centrarse nos aspectos da información que constitúen a esencia do seu traballo (que están baixo a súa competencia directa), de xeito que cada mellora parcial repercuta no conxunto dos sistemas.
- Integración co resto das aplicacións corporativas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, que permita e asegure verdadeiras sinerxías nos sistemas.
- Utilización dos estándares corporativos, seguindo os criterios establecidos por arquitecturas tecnolóxicas na análise, deseño, programación, implantación e mantemento das diferentes aplicacións da DXSP.
- Uso dos Sistemas de Información de Análises Complexas (SIAC) como ferramenta de explotación dos datos.
- Accesibles con independencia da localización, o que orienta cara ao uso de clientes lixeiros e contornos web.

Baixo estas premisas véñse desenvolvendo un intenso traballo de integración e renovación tecnolóxica nos diferentes sistemas existentes. Poderíamos destacar os seguintes fitos:

No ámbito da seguridade alimentaria e ambiental:


- HERME: sistema de información da actividade inspectora de saúde pública. Realizouse unha adaptación de datos e clasificacións ao novo Plan Nacional PNCOA 2016-2020; despregáronse e estabilizáronse novas versións evolutivas de HERME, tanto na súa versión básica como no módulo web de HERME (HEWEB); revisouse o seu modelo funcional para posibilitar unha nova versión con importantes melloras; facilitouse a tramitación electrónica dos censos (vía REXEL); facilitouse a integración dos traballos realizados por TRAGSA en zonas de baño (vía web).
- LABSP: sistema de xestión da actividade dos laboratorios de Saúde Pública. Mellorouse a xestión de facturación, simplificáronse os procesos de remisión de mostras desde HERME e realizouse o mantemento evolutivo dos sistemas.
- SEMAGA: aplicativo de aseguramento da rastrexabilidade nos matadoiros de Galicia. Mantemento evolutivo do sistema; estudo funcional de melloras da integración con HERME; realización do estudo de reposición de material do sistema.

No ámbito dos programas de cribado poboacional:

- Sistema de Información do Cribado do Cancro de Mama (SICMA): migración das funcionalidades do sistema á nova plataforma de xestión dos cribados poboacionais (CRIIS) e mantemento evolutivo.
- Cribado de xordeira. Implantación do desenvolvemento da capa de funcionamento de E-neonatos coa integración completa con cribado neonatal e metabolopatías. Melloras nas cargas de datos de cribado de xordeira dos hospitais privados, a través de VAWEB.
- Metabolopatías (MTBLP). Implantación da capa de funcionamento de E-neonatos coa integración completa, melloras na integración de MTBLP con Tarxeta Sanitaria e desvinculación da dirección do poboacional en ambos os sistemas; evolución funcional do sistema para adaptalo aos cambios na carteira de servizos do cribado, e, en paralelo, evolución tecnolóxica para adaptalo aos cambios no contorno.
- Cribado do cancro de colon: implantación do aplicativo de xestión do cribado (CRIIS), nas Eoxis de Vigo e A Coruña; desenvolvemento de melloras evolutivas para todo o programa, incluíndo estudo da integración con outros sistemas (poboacional, cita atención hospitalaria, EOS -informe de anatomía patolóxica-, IANUS -informe colon- e CMBD entre outros).

No ámbito da vixilancia epidemiolóxica e control de enfermidades transmisibles:

- VIXÍA: sistema de información de vixilancia epidemiolóxica. Implantación de novos formularios de enfermidades (Sífilis, Hepatite). Deseño funcional para facilitar rexistro unificado VIH/Sida e o rexistro de resistencias antimicrobianas nos casos de pacientes con EPC (enterobacterias produtoras de carbapenemes). Melloras na integración co HEXIN.
- REGAT: Rexistro Galego de Tumores. Incorporación de novas fontes de datos (mortalidade a través do CARON). Incorporación de filtros para detección de casos prevalentes. Carga de datos para calcular a incidencia do cancro de mama 2016.
- SITUB: Sistema de información do programa galego de control da tuberculose. Mantemento correctivo/evolutivo. Melloras nas explotacións de datos (SIAC-TB).
- Rexistro de vacinas (RVACU) e módulo web de vacinas (VAWEB). Mantemento evolutivo dos sistemas: novas versións de RVACU e de VAWEB, mellora continua do SIAC de vacinas e formación aos usuarios para un uso máis eficiente da ferramenta, consolidación do rexistro da facturación no sistema RVACU e adaptación ás necesidades do servizo, integración do rexistro de información neonatal no sistema dos hospitais privados (VAWEB). Participación no deseño e adaptación da *app* de vacinas (VACGAL) a publicar en 2018 en versións para Android e iOS.
- Campaña de gripe. Melloras buscando un aumento na facilidade de uso da aplicación e unha resposta máis rápida do rexistro vía web. Melloras na explotación dos datos a través do SIAC.
- Rexistro de mortalidade (CARON). Implantación completa do proceso de envío de datos ao sistema IRIS (sistema de codificación automática da causa de morte), e desenvolvemento de melloras para a realización da xestión integrada con este sistema.



No ámbito dos programas de prevención das drogo dependencias:

- SAPIS (Sistema de Avaliación dos Programas de Prevención e Incorporación Social): sistema que permite xestionar os programas e intervencións que se desenvolven na área de prevención e reinserción do Plan de Galicia sobre Drogas. Implantación dunha nova versión.

Ámbito xenérico:

- IANSP: módulo deseñado para permitir o acceso e xestión dos datos dos sistemas de saúde pública dentro da historia clínica electrónica (IANUS): melloras nos informes de seguimento dos programas de cribado (xordeira e metabolopatías) e da campaña de gripe.
- HEXIN (Sistema integrado de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos): continuación no desenvolvemento caso de uso: vixilancia sindrómica, estendendo o escenario demostrador a varios hospitais.
- InNoCBR (sistema intelixente para a detección e clasificación de casos de infección nosocomial): adaptación do sistema para a súa implantación dentro da rede corporativa do Sergas como un aplicativo máis, para o seu despregamento no resto de hospitais.

1.4. PUBLICACIÓNS NA WEB

A Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) posúe, dentro da web corporativa do sistema sanitario de Galicia (Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde), unha web propia estruturada por áreas temáticas, onde publica contidos propios. Ademais, ten unha serie de webs temáticas con información concreta sobre temas de interese.

WEB	TIPO	URL
Saúde Pública	Web principal	http://dxsp.sergas.gal/
Gripe	Web temática	https://gripe.sergas.es/
Cóidate-cóidame	Web temática	https://coidatecoidame.sergas.es/
Xente con vida	Web temática	https://xenteconvida.sergas.gal/

O obxectivo destas publicacións de contidos é o de poñer á disposición das persoas interesadas, xa sexan profesionais da saúde ou público en xeral, o coñecemento xerado por esta dirección no desempeño das súas funcións de promoción, protección e vixilancia da saúde. Toda a información e material (documentos, imaxes, vídeo, audio...) segue as pautas marcadas polas instrucións corporativas de publicación de contidos dixitais, así como a lexislación vixente en materia de accesibilidade á información das administracións públicas e a utilización de estándares abertos.

Así mesmo, esta dirección xeral, publica na [intranet corporativa](#) da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde os contidos e documentación xerada que non é de acceso público e/ou os contidos de xestión interna pertinentes (sirva como exemplo o uso que fan da intranet os servizos de inspección en seguridade alimentaria e ambiental a través da Inspeweb).

A administración do portal web da dirección xeral e da intranet corporativa correspóndelles aos servizos informáticos da Consellería de Sanidade/SERGAS. A publicación de información nos distintos apartados da páxina web principal, das webs temáticas e da intranet é responsabilidade das unidades administrativas correspondentes (servizos e subdireccións) e a coordinación destes, así como a comunicación cos servizos de publicación lle corresponde á figura do administrador de contidos (excepto Inspeweb que se xestiona directamente desde o Servizo de Control e Auditorías).

Así mesmo, existe un equipo de traballo, formado por persoal da dirección xeral, que se encarga das decisións corporativas (estrutura da páxina web, deseño...) e da coordinación das unidades na súa comunicación cos administradores de contidos.

As táboas que aparecen a continuación mostran o número de publicacións realizadas durante os anos 2016 e 2017, así como información adicional sobre accesos aos contidos, tempos de acceso e os contidos máis consultados.

PUBLICACIÓNS NA WEB E NA INTRANET



Táboa 2. Publicacións

	TOTAL 2016	TOTAL 2017
Epidemioloxía	1.423	1.285
Control de Enfermidades Transmisibles	267	259
Xestión de Procesos e Indicadores de Saúde Pública	17	3
Seguridade Alimentaria	30	6
Sanidade Ambiental	356	248
Protección Radiolóxica	9	0
Control e Auditorías	0	0
Laboratorio de Saúde Pública de Galicia	15	13
Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde	96	69
Programas Poboacionais de Cribado	19	9
Prevenición de Condutas Adictivas	46	48
Coordinación de Xestión	0	0
Total	2.278	1.950
Número de visitas	389.032	446.895
Tempo medio de visualización	1:18	1:21

WEB SAÚDE PÚBLICA

Táboa 3. Publicacións ás que máis se accedeu 2016-2017**2016**

WEB SAÚDE PÚBLICA	1º	EPIDAT
	2º	Programa Galego de Vacinación
	3º	Calendario oficial actual
	4º	Vacinación infantil
	5º	Campaña 2016 VIH

WEB GRIPE	1º	Información básica de campaña
	2º	Coberturas vacinais
	3º	Informes actividade gripal
	4º	Procedemento de solicitude de vacinas
	5º	Presentación oficial da campaña

WEB CÓIDATE CÓIDAME	1º	Calendario de vacinación
	2º	Introdución progresiva de alimentos
	3º	Dereitos laborais embarazo e lactación
	4º	Táboas de crecemento
	5º	Desenvolvemento psicomotor

2017

WEB SAÚDE PÚBLICA	1º	Campaña 2017 VIH
	2º	EPIDAT
	3º	Calendario de vacinación infantil
	4º	Programa Galego de Vacinación
	5º	Programa de detección precoz do cancro colorrectal

WEB GRIPE	1º	Información básica da campaña
	2º	Que debemos saber sobre a vacina
	3º	Instrución da campaña
	4º	Quen debe vacinarse
	5º	Informes de actividade gripal

WEB CÓIDATE CÓIDAME	1º	Calendario de vacinación
	2º	Dereitos laborais embarazo e lactación
	3º	Introdución progresiva de alimentos
	4º	Táboas de crecemento
	5º	Vixiar desenvolvemento psicomotor



INFORMACIÓN POR SERVICIOS

2.1. SERVICIO DE COORDINACIÓN DA XESTIÓN

Correspóndenlle as seguintes **funcións**:

- a) A coordinación da xestión económica e orzamentaria, das actividades de deseño e produción das publicacións oficiais da dirección xeral, dos sistemas loxísticos de aprovisionamento e dos sistemas de comunicación interna da dirección xeral.
- b) A coordinación e apoio no deseño dos programas de formación para o persoal da dirección xeral a aquel outros aspectos da xestión de persoal, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras unidades da Consellería, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro de seu ámbito, lle sexan asignadas.
- c) Coordinación do procedemento sancionador en materia de saúde pública.

Actividades máis destacadas

1. Xestión Económica:

- Coordinación da elaboración dos orzamentos e control do estado de execución destes, así como elaboración de informes mensuais.
- Control inicial das facturas recibidas para os distintos servizos da dirección xeral e rexistro no programa de facturación.
- Asesoramento, revisión e control na tramitación dos expedientes económicos.
- Elaboración e seguimento de expedientes económicos.
- Supervisión e seguimento de concursos e convenios.
- Asesoría en compras e elaboración de expedientes para contratación.
- Coordinación e tramitación das diferentes descentralizacións que se fan tanto a hospitais como as diferentes xefaturas provinciais.
- Solicitude das transferencias de crédito para levar a termo os programas da dirección xeral que se realizan nos hospitais (cribado).

SERVIZO DE COORDINACIÓN DA XESTIÓN

- Tramitación das xeracións de crédito e das incorporacións.
- Axudas de custo:
 - Tramitación de expedientes económicos do persoal (horas extra, gratificacións).
 - Tramitación centralizada e control de todas as axudas de custo correspondentes a persoal da dirección xeral.
- 2. Revisión e asesoramento de publicacións da DXSP:
 - Coordinación das actividades de deseño e tramitación de autorizacións á Comisión de Publicacións: control das distintas coleccións, numeración, envío ao Comité de Publicacións e Seguimento.
 - Coordinación, deseño, edición e distribución da Carpeta de Saúde Infantil. Actualización da páxina web.
- 3. Coordinación de actividades comúns a toda a dirección xeral:
 - Coordinación de servizos comúns: servizos urxentes, paquetería, restaurantes...
 - Coordinación e control do almacén central de aprovisionamento.
 - Coordinación das distribucións e envíos dos materiais da dirección xeral.
 - Cooperación na organización de congresos e xornadas.
- 4. Exercer as competencias que lle corresponden á Dirección Xeral de Saúde Pública en materia sancionadora:
 - Resolución e seguimento dos expedientes sancionadores graves da dirección xeral (tabaco, alcohol, alimentaria e ambiental), incoados nas xefaturas territoriais.
 - Reclamacións das sancións non-pagadas ante a Consellería de Facenda.
- 5. Supervisión da xestión e liquidación das taxas por prestación dos servizos adscritos á DXSP.
- 6. Coordinación e apoio no deseño dos programas de formación da dirección xeral:
 - Recepción da proposta de formación das diferentes unidades.
 - Unificación de propostas de formación.
 - Elevar a proposta de formación á dirección para a súa aprobación.
 - Remisión da proposta á Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) e relación coa ACIS en todas as cuestións relativas á formación do persoal de Saúde Pública.
 - Control da realización dos cursos.
 - Coordinación e organización de sesións técnicas.
 - Outras actividades de formación.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Asistencia ás mesas de contratación relativas a expedientes da dirección xeral.
- Seguimento Proxecto Life.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Participación nas sesións organizadas polo Servizo Técnico Xurídico en relación cos expedientes sancionadores.
- Asistencia de persoal do Servizo ao Congreso de Letrados das Comunidades Autónomas en materia sancionadora en maio de 2016 (Madrid).
- Asistencia ás xornadas sobre Lei 39 e 40 na EGAP.
- Cursos Lei 39 e 40.
- Asistencia a Cursos de Formación sobre contratación “Nova Directiva Europea”.
- Asistencia a Xornada de Vacinas en Santander.
- Curso sobre compra pública innovadora.

SERVIZO DE COORDINACIÓN DA XESTIÓN

Indicadores

Táboa 4. Actividade do Servizo de Coordinación		2015	2016	2017
	% de cambio do orzamento inicial ¹ do ano actual respecto ao do ano anterior	0,74%	-22,50%	18,17%
	% de cambio do orzamento final ² do ano actual respecto ao do ano anterior	4,05%	-22,53%	0,64%
	% do orzamento executado sobre o orzamento final	76,30%	95,33%	97,67%
	N.º de PX ³	68	80	62
	% de modificación entre aplicacións	25,66%	12,89%	15,59%
	N.º de expedientes tramitados no ano	265	306	226
Xestión económica	Concursos	19,32%	14,05%	20,35%
	Convenios	2,27%	1,96%	3,10%
	ADOK	76,89%	82,68%	73,02%
	Subvencións	1,52%	0,98%	2,65%
	Consello		0,33%	0,44%
	Encomenda			0,44%
	Gasto en axudas de custo	55.858,74 €	35.573,29 €	41.480,04 €
	% de cambio do gasto en axudas de custo do ano actual respecto ao ano anterior	-1,23%	-36,32%	16,60%
	Facturas rexistradas no SEF	1.596	1.624	1.469
Expedientes sancionadores	N.º de expedientes iniciados e resoltos na dirección xeral	2	6	3
	N.º de expedientes iniciados en xefaturas territoriais e resoltos na dirección xeral	379	330	336
	N.º total de expedientes resoltos na dirección xeral	381	336	339
	N.º de expedientes non pagados remitidos a Facenda	119	259	115
Reclamacións patrimoniais	N.º de expedientes tramitados	1	1	1
Publicacións	N.º de publicacións presentadas á comisión	14	34	20
	N.º de publicacións con autorización denegada/n.º de publicacións presentadas	0/14	0/34	0/20
Formación	N.º de cursos solicitados/n.º cursos realizados	5/5	6/6	8/8
	N.º de sesións técnicas	6	0	13

1 Orzamento inicial: orzamento aprobado no Parlamento e publicado no DOG.

2 Orzamento final: orzamento inicial + xeracións de crédito + incorporacións de fondos finalistas + PX - recortes ou diminucións.

3 PX: documento que aumenta ou diminúe o orzamento entre dúas aplicacións vinculadas. Ademais dos PX fixéronse unha serie de transferencias entre aplicacións.

2.2. SERVIZO DE EPIDEMIOLOXÍA

Funcións (Decreto 41/2013)

- a) A xestión dos sistemas de información de saúde pública e da Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública.
- b) A xestión e control de abrochos epidémicos, alertas e crises sanitarias, mediante a coordinación e o seguimento do Sistema de alerta epidemiolóxica de Galicia.
- c) O asesoramento e a promoción da formación en materia de método epidemiolóxico.
- d) En xeral, aquelas outras que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacables de 2016 e 2017

Actividades

- Primeiros indicadores do sistema de vixilancia das enfermidades crónicas de Galicia.
- Establecemento da primeira fase da rede galega de vixilancia de vectores: mosquitos.
- Mantemento do sistema de vixilancia da efectividade da vacinación fronte ao VPH.
- Publicación do primeiro informe realizado cos datos do Rexistro Galego de Tumores.
- Realización da enquisa do SICRI de 2016: monográfica sobre embarazo, parto e primeiros meses da vida.
- Realización da enquisa do SIX de 2017.

Informes e publicacións

- Abrocho de farinxite estreptocócica de probable orixe alimentaria.
- Incidencia de enfermidade invasora por gram negativos resistentes a carbapenems en Galicia en 2013 e 2014.
- Cambios no consumo de tabaco en Galicia nos últimos anos.
- A síndrome hemolítica-urémica en Galicia de 2010 a 2014.
- A gripe en Galicia na tempada 2015/16.
- Ingresos con gripe confirmada en Galicia na tempada 2015/16.
- Listeriose en humanos e alimentos en Galicia, 2009-2015.
- A infección gonocócica en Galicia en 2015.
- Mortalidade por suicidio en Galicia: 1980-2014.
- Plan español de control das resistencias a antimicrobianos.
- Indicadores de uso de antibióticos en atención primaria no PRAM.
- Aproximación ao uso ambulatorio de antibióticos en Galicia durante 2015.

SERVIZO DE EPIDEMIOLOXÍA

- Uso ambulatorio de antibióticos en Galicia de 2007 a 2015.
- Abrochos de enfermidade de orixe alimentaria en Galicia no período 2010/2014.
- Abrochos por norovirus notificados en Galicia no quinquenio 2010/14.
- A sífilis en Galicia de 1982 a 2015.
- Incidencia do cancro de mama en Galicia no ano 2015.
- Como resumir o estado de saúde da poboación en Galicia de 2005 a 2015.
- Prevalencia autodeclarada de diabetes, hipertensión e hipercolesterolemia en Galicia no ano 2015.
- A varicela e o herpes zóster en Galicia de 2012 a 2016.
- Ingresos hospitalarios por varicela en Galicia de 2012 a 2015.
- A gripe en Galicia na tempada 2016/17.
- Ingresos con gripe confirmada en Galicia na tempada 2016/17.
- A enfermidade pneumocócica invasora en Galicia, 2015-2016.
- A infección gonocócica en Galicia en 2016.
- Cambios na prevalencia de factores de risco para a saúde na mocidade de Galicia: 2007-2014.
- Resistencias a antibióticos prioritarias, Galicia 2015/16.
- Incidencia de enfermidade invasora por gram negativos resistentes a carbapenemes en Galicia en 2015 e 2016.
- Aproximación ao uso ambulatorio de antibióticos en Galicia durante 2016.
- Efectividade da vacinación fronte ao VPH en Galicia: 2014-2017.
- Vixilancia da circulación do virus sincitial respiratorio en Galicia: revisión 2017.

Participación en grupos de traballo e reunións

- Relatorio de vixilancia epidemiolóxica do Consello Interterritorial de Saúde.
- Grupo de traballo de vixilancia da gripe en España.
- Grupo de traballo da SEE sobre tabaquismo.
- Grupo de traballo da SEE sobre vixilancia en saúde pública.

Formación impartida

- Como certificar a causa de defunción (EOXI de Santiago).

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

Reunións anuais da Sociedade Española de Epidemioloxía (SEE): 14 comunicacións.

Indicadores

Táboa 5. Publicacións periódicas do Servizo de Epidemioloxía	2013	2014	2015	2016	2017
N.º de BEG ¹	6	6	6	6	6
N.º de Venres Epidemiolóxicos ²	26	26	28	27	26

1 Boletín Epidemiolóxico de Galicia: publicación bimensual que supón 3 números ao semestre.

2 Venres Epidemiolóxicos: publicación electrónica breve sobre vixilancia que é bisemanal.

Táboa 6. Seguimento de certas enfermidades de declaración obrigatoria			2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	
Enfermidade meningocócica	N.º anual de casos (e mortes) por serogrupo e grao de confirmación ¹	Serogrupo B	30(3)	27(0)	29(2)	26(3)	30(4)	19(2)	17(1)	15(0)	16(4)	11(0)	5(0)	
		Serogrupo C	8(1)	4(1)	3(0)	1(1)	1(0)	1(0)	0(0)	1(0)	2(0)	0(0)	0(0)	0(0)
		Sospeita sen confirmar	32(1)	36(0)	33(0)	23(0)	32(3)	27(1)	11(0)	7(0)	14(0)	16(1)	9(2)	
Sarampelo ²	N.º anual de casos	0	2	0	0	7	1	1	0	0	0	0	0	
Rubéola ²	N.º anual de casos	2	1	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	
Síndrome de rubéola conxénita	N.º anual de casos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Tose ferina	N.º anual de casos	4	10	5	6	16	93	77	87	168	128	126		
Tétano	N.º anual de casos	1	2	0	4	1	3	4	2	2	3	2		
Gonococia	N.º anual de casos	96	88	73	68	77	103	140	209	178	198	248		
Sífilis	N.º anual de casos	131	116	81	63	60	140	143	169	158	154	144		
Sífilis conxénita	N.º anual de casos	2	0	0	2	0	0	0	0	0	0	1		
Parotidite	Incidencia anual (n.º de casos por 100.000 habitantes)	8	6	3	5	6	30	121	21	15	19	18		
Varicela	Incidencia anual (n.º de casos por 100.000 habitantes)	272	256	302	188	138	312	277	418	313	514	258		

1 Mensualmente actualízase na web o número de casos e mortes por serogrupo e grao de confirmación.

2 Para ambas as dúas enfermidades Galicia atópase en interrupción da transmisión endémica desde principios do século XXI. Todos os casos que amosa a táboa ou son importados ou están vinculados a casos importados.

Táboa 7. Distribución dos abrochos (%) en cada unha das categorías de calidade de investigación	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
I. Confirmación de axente e de alimento, e determinación de factores contribuíntes	33%	24%	21%	20%	30%	15%	27%	37%	41%	52%
II. Confirmación de alimento e determinación de factores contribuíntes	0%	12%	21%	20%	10%	23%	0%	3%	5%	3%
III. Confirmación do axente	44%	6%	14%	13%	15%	8%	27%	13%	10%	12%
IV. Ningún	22%	59%	43%	47%	45%	54%	45%	47%	44%	33%

Táboa 8. Sistema de Información sobre Condutas de Risco (SICRI) ¹		2017
		% (IC 95%)
Relación actual co tabaco	Fumador diario	16,0 (15,2-16,9)
	Fumador ocasional	3,7 (3,2-4,1)
	Ex-fumador	27,0 (26,0-28,0)
	Nunca fumador	53,3 (52,2-54,4)
Exposición ao fume ambiental do tabaco	Na casa a diario	9,7 (9,0-10,3)
	No traballo a diario	4,2 (3,5-4,8)
	No lecer a diario	0,7 (0,5-1,0)
	No coche a diario	1,8 (1,5-2,1)
Porcentaxe de persoas ás que lles fixeron algunha vez, ao longo da súa vida, a proba do VIH/sida		20,4 (19,5-21,3)
Cando foi a última vez que lla fixeron?	Hai menos dun ano	24,2 (22,0-26,4)
	Entre 1 e 5 anos	30,4 (28,0-32,9)
	Máis de 5 anos e menos de 20	35,3 (32,8-37,9)
	Hai 20 anos ou máis	10,1 (8,5-11,7)

[Máis información sobre o servizo nesta liqazón](#)

2.3. SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

Funcións

- a) A planificación, a programación e a coordinación da execución das actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles e a difusión da información relacionada con elas.
- b) A planificación, a coordinación e a xestión das actividades do Programa galego de vacinacións e a difusión da información sobre o programa.
- c) A planificación, a coordinación e a xestión das actividades do Programa galego de prevención e control da tuberculose e a difusión da información do programa.
- d) A planificación, coordinación e xestión da estratexia de prevención e control da infección VIH/sida en Galicia e a difusión da información do programa.
- e) En xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Accións máis destacadas

PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA TUBERCULOSE

Actividades

- Avaliación do Programa galego de prevención e control da tuberculose 2012-2015 e desenvolvemento das novas estratexias e indicadores de cara a conseguir a eliminación da tuberculose en Galicia. 2017-2020.
- Revisión dos indicadores de seguimento do Plan de prevención e control da tuberculose en España.
- Depuración e explotación do Sistema de Información de Tuberculose (SITUB).
- Actualización dos contidos do Programa galego de prevención e control da tuberculose na web da Consellería de Sanidade.

Informes e publicacións

- Avaliación do Programa galego de prevención e control da tuberculose 2012-2015. Novas estratexias e indicadores de cara a conseguir a eliminación da tuberculose en Galicia. 2017-2020. Dispoñible en: https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4452/programa_TB_2017-2020.pdf
- Informe da tuberculose en Galicia. Características dos casos de tuberculose de Galicia no ano 2016. Evolución do período 1996-2016. Dispoñible en: https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4973/TB_Galicia_1996_2016.pdf
- Tuberculose: A importancia da súa notificación. Venres epidemiolóxico; 2017; 6 (7). Dispoñible en: https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4432/venres_epidemioloxico_vol6_n7_20170407.pdf
- A tuberculose e a proba da tuberculina. Venres epidemiolóxico; 2017; 6 (9). Dispoñible en: https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4455/venres_epidemioloxico_vol6_n9_05052017.pdf

SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

Participación en grupos de traballo e reunións

- Participación no grupo de traballo do Ministerio de Sanidade para a actualización do Plan para la prevención y control de la tuberculosis en España. 2018-2030.
- Reunión do Programa galego de prevención e control da tuberculose, coas persoas responsables das Unidades de Tuberculose de Galicia. Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2017.
- Reunión ordinaria da Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección polo *Mycobacterium Tuberculosis* (DOG núm. 103, do 29 de maio de 2008). Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017.
- Reunión do Programa galego de prevención e control da tuberculose, coas persoas responsables das Unidades de Tuberculose de Galicia. Ourense, 24 de marzo de 2017.
- Participación en 6 reunións da Comisión Galega para a Avaliación do Manexo da Tuberculose Resistente a Fármacos, celebradas en Santiago de Compostela.

Formación impartida

- Sesión técnica "Principais resultados do Programa galego de prevención e control da TB. Novos retos e estratexias de futuro". Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017.
- Formación sobre tuberculose no curso "Infeccións de transmisión sexual: VIH/sida, outras ITS e tuberculose. Situación e actualización en diagnóstico e tratamento". Realizáronse 4 edicións deste curso que está dirixido aos profesionais sanitarios das distintas áreas de saúde de Galicia.
- Formación sobre tuberculose no curso "Infeccións de transmisión sexual: VIH/sida, outras ITS e tuberculose. Situación e plan de actuación". Realizáronse 8 edicións deste curso que está dirixido aos profesionais sanitarios das distintas áreas de saúde de Galicia.

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Presentación de relatorios ou comunicacións nos seguintes eventos:
 - XXIII Reunión Galega de Tuberculose e Infeccións Respiratorias. Participación na mesa "Tuberculose" con relatorio "Programa galego de prevención e control da tuberculose 2012-2015. Resultados e avaliación. Novos retos". Centro Cultural "Marcos Valcárcel" da Deputación de Ourense. 24 de marzo de 2017.
 - IV Xornada científica da Sociedade Galega de Medicina Preventiva (SOGAMP). Participación na mesa "Tuberculose" con relatorio "Principais resultados do Programa de control da TB en Galicia. Novos retos e estratexias de futuro". Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2017.
- Curso de formación:
 - VI xornada de Bibliosaúde: Autorías. Normalización e outras cuestións. Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017.
 - Epidat: Programa para a análise de datos. Santiago de Compostela, 2-12 de maio de 2017.

PLAN GALEGO ANTI VIH/SIDA E OUTRAS INFECCIÓN DE TRANSMISIÓN SEXUAL

Actividades

- Campaña de prevención de infección de transmisión sexual (ITS) na mocidade galega a través de Facebook, Instagram e un blog. A páxina de Facebook e Instagram chámanse SEX INVADERS e o blog é www.itsinvaders.com. Audiencia impactada a través de historias promocionadas a fans e non fans: 3.065.288 impactos promocionais.
- Desenvolvemento do proxecto de proba rápida anónima de VIH en fluído oral coa realización de probas en 17 entidades colaboradoras distribuídas por toda Galicia.
- Programa de inxección hixiénica e redución do dano en persoas usuarias de drogas inxectables (UDI). Distribución de *kits* de inxección hixiénica.
- Prevención da transmisión sexual do VIH e outras ITS: Distribución promocional de preservativos a colectivos máis vulnerables.
- Convocatoria de subvencións a proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida.
- Campaña de prevención de VIH e promoción da proba do VIH e outras ITS na *app* Wapo para teléfono móbil, de xaneiro a decembro, incluíndo as campañas do Día do Orgullo Gai e do Día Mundial da Sida.
- Campaña do Día Mundial da Sida 2017. Distribución de diversos materiais divulgativos e preventivos a:
 - 133 asociacións e outras entidades (unidades de atención ás drogodependencias, centros penitenciarios, universidades, centros de información xuvenil e outros centros municipais).
 - 522 centros sanitarios públicos e privados.
 - 576 centros de ensino secundario, bacharelato e formación profesional, públicos e privados.

Informes e publicacións

- [Informe VIH/sida en Galicia 2017.](#)
- [Abrocho de hepatite A en HSH: Prioridade para a vacinación. Venres epidemiolóxico; 2017; 6 \(12\).](#)
- [O Tratamento da infección gonocócica en Galicia durante 2016. Venres epidemiolóxico; 2017; 6 \(13\).](#)
- [Día Mundial da Sida 2017. Venres epidemiolóxico; 2017; \(24\).](#)
- [Cartel do Día mundial da sida 2017.](#)
- [Recomendacións para o diagnóstico precoz do VIH en Galicia 2017.](#)

Participación en grupos de traballo e reunións

- Grupo de coordinadores dos plans autonómicos sobre a sida do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Grupo de traballo RedCo, sobre realización da proba de VIH en contornas comunitarias, liderado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Xornada sobre a abordaxe de focos primarios (VHC).

SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

- Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección por VIH/sida e outras infeccións de transmisión sexual (ITS).

Formación impartida

- Sesións técnicas na Consellería de Sanidade:
 - Actualización sobre VIH en Galicia a 30 de xuño de 2016. 10/05/2017.
 - Intervencións preventivas en infeccións de transmisión sexual (ITS) nas redes sociais. 01/06/2017.
- Cursos na Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS):
 - Infeccións de transmisión sexual: VIH/SIDA, outras ITS e tuberculose. Situación e plan de actuación. 7 edicións.
 - Formación en *counselling* para persoal sanitario e traballadores/as sociais (12 horas). 1 edición.
 - Formación en *counselling* para persoal sanitario e traballadores/as sociais (20 horas). 1 edición.
 - Epidemioloxía, prevención e recomendacións de actuación ante exposicións de risco fronte ao VIH, VHB e VHC. 1 edición (en liña).

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- Congreso do *Grupo de estudio de SIDA (GESIDA)* e da *Sociedad Española de Enfermedades Infecciosas y Microbiología Clínica* (SEIMC). Vigo, 28-30 novembro e 1 de decembro. Asistencia ao congreso.
- XXXV Reunión Anual de la Sociedad Española de Epidemiología (SEE). Barcelona, 6-8 de setembro. Presentación dunha comunicación oral.
- XVIII Congreso Nacional sobre el sida e ITS. Sevilla 22-24 de marzo. Presentación dunha comunicación oral.
- VII Congreso da Sociedade Galega Interdisciplinaria da Sida (SOGAISIDA). Pontevedra, 20-21 outubro. Presentación de 2 pósters.
- XI Xornada de saúde perinatal e reprodutiva. ACIS. 23/10/2017-24/10/2017. 10 horas.
- XII Xornadas de Enfermería en Ourense. Ourense, 2017. Presentación de relatorio.
- Actualización terapéutica en patoloxías víricas (VIH, VHB, VHC). ACIS. 26/04/2017. 4 horas.
- EPIDAT: Programa para a análise de datos. ACIS. 02/05/2017-12/05/2017. 12 horas.
- Análise estatística de datos de saúde con R-Commander. ACIS. 24/04/2017-21/05/2017. 20 horas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: novidades e aplicación práctica. ACIS. 29/05/2017-31/05/2017. 8 horas.
- VI Xornada de Bibliosaúde: autorías. Normalización e outras cuestións. ACIS. 09/06/2017. 4 horas.
- Desfibrilación externa semiautomática. Dirección Xeral de Saúde Pública e Urgencias Sanitarias de Galicia 061. 9/11/2017. 5 horas.

PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN

Actividades

- Elaboración e publicación do novo calendario de vacinación infantil, tras acordo adoptado na Comisión de Saúde Pública e referendado polo Consello Interterritorial do SNS. A partir do 1 de xaneiro de 2017, simplifícase o calendario, eliminando a vacina da hepatite B ao nacemento e as doses de hexavalente dos 6 e 18 meses pasando a dose de reforzo aos 11 meses.
- Realización da nota informativa que regula o restablecemento da vacinación con dTpa aos 6 anos de idade, interrompida desde o ano 2015 e das actuacións a realizar para facer a recaptación dos nenos que quedaron sen vacinar durante ese tempo.
- Elaboración de instrución para facer fronte aos problemas na falla de subministración da vacina Td de adultos coas pautas a seguir.
- Aprobación e publicación do primeiro calendario vacinal do adulto da nosa comunidade autónoma en xullo de 2017.
- Introducción en xullo de 2017 da vacinación antipneumocócica conxugada na cohorte dos 65 anos.
- Desenvolvemento e realización dos últimos axustes da aplicación de vacinas VACGAL, unha *app* para dispositivos móbiles de consulta inmediata dos datos de vacinación propia ou de persoas a cargo, así como outras informacións útiles sobre vacinación.
- Elaboración de instrucións informativas sobre grupos de risco prioritarios e xestión especial no contexto de desabastecemento no estado de vacinas fronte a hepatite A e hepatite B.
- Realización de informes a demanda sobre aspectos técnicos de vacinas e/ou coberturas vacinais.
- Explotacións periódicas e/ou a demanda do Sistema de Información en Vacinas.
- Desenvolvemento da campaña de vacinación antigripal 2017.
- Novas implementacións na web temática de gripe.
- Deseño, organización e elaboración de contidos da web temática específica sobre vacinas.

Informes e publicacións

- [Calendario de vacinación infantil 2017. Nota informativa](https://bit.ly/2sDPG59)
<https://bit.ly/2sDPG59>
- [Cartel do calendario de vacinación infantil 2017](https://bit.ly/2xFJMWt)
<https://bit.ly/2xFJMWt>
- [Problemas de subministro da vacina fronte ao tétano e difteria. Nota informativa](https://bit.ly/2LUyhnm)
<https://bit.ly/2LUyhnm>
- [Restablecemento da vacina dTpa e Td. Nota informativa](https://bit.ly/2JtD8Yv)
<https://bit.ly/2JtD8Yv>

SERVIZO DE CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

- [Informe final campaña vacunación antigripal 2016-2017](https://bit.ly/2LV2mNW)
<https://bit.ly/2LV2mNW>
- [Vacinação fronte á hepatitis A en adultos. Nota informativa](https://bit.ly/2sDAF3k)
<https://bit.ly/2sDAF3k>
- [Calendario vacunación de adultos 2017. Instrución](https://bit.ly/2LktfcY)
<https://bit.ly/2LktfcY>
- [Cartel do calendario de vacunación en adultos](https://bit.ly/2J8MIkn)
<https://bit.ly/2J8MIkn>
- [Vacinação antipneumocócica en adultos. Nota informativa](https://bit.ly/2xGyS3k)
<https://bit.ly/2xGyS3k>
- [Campaña vacunación antigripal 2017. Instrución](https://bit.ly/2JpdAvH)
<https://bit.ly/2JpdAvH>
- [Campaña vacunación antigripal 2017. Cartel](https://bit.ly/2ssqjUg)
<https://bit.ly/2ssqjUg>
- [Campaña de vacunación antigripal 2017. Informes semanais de cobertura](https://bit.ly/2Hhf7im)
<https://bit.ly/2Hhf7im>
- Venres epidemiolóxico:
 - [Problemas de subministro da vacina Td \(Tétano-difteria\). Venres epidemiolóxico vol 6, nº 4](https://bit.ly/2LfgEaM)
<https://bit.ly/2LfgEaM>
 - [Restablecemento das vacinas dTpa e Td. Venres epidemiolóxico vol 6, nº 8](https://bit.ly/2JtHnmT)
<https://bit.ly/2JtHnmT>
 - [Calendario de vacunación de adultos. Venres epidemiolóxico vol 6, nº 12](https://bit.ly/2kNBYSZ)
<https://bit.ly/2kNBYSZ>
 - [Calendario de vacunación de adultos. Preguntas e respostas \(I\). Venres epidemiolóxico vol 6, nº 16](https://bit.ly/2Jg3x90)
<https://bit.ly/2Jg3x90>
 - [Calendario de vacunación de adultos. Preguntas e respostas \(II\). Venres epidemiolóxico vol 6, nº 17](https://bit.ly/2LV8Ufn)
<https://bit.ly/2LV8Ufn>
 - [Calendario de vacunación de adultos. Preguntas e respostas \(III\). Venres epidemiolóxico vol 6, nº 19](https://bit.ly/2LWegOM)
<https://bit.ly/2LWegOM>

Participación en grupos de traballo e reunións

- Participación no Relatorio de programas e rexistro de vacinacións do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- Reunións da Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevibles.
- Grupo de traballo de desenvolvemento da *app* de vacinas.
- Reunión de planificación e desenvolvemento da campaña de vacinación antigripal.
- Reunións técnicas sobre actualización e novidades en vacinas por parte dos departamentos médicos dos laboratorios fabricantes.

Formación impartida

- Coordinación e docencia nos cursos sobre vacinas organizados pola Axencia do Coñecemento e Innovación en Saúde (ACIS), dirixidos a profesionais sanitarios de atención primaria e especializada de distintas áreas de saúde de Galicia: XX Xornadas de formación continuada en vacinas. 5 edicións (4 provinciais e 1 central).

Asistencia a congresos, xornadas e cursos

- XXV Xornadas de vacinas 12 de Outubro. Madrid, 15-17 de febreiro de 2017.
- II Xornada Seqirus sobre actualización en gripe. Valladolid, 30-31 de marzo de 2017.
- ESPID 2017. Madrid, 23-26 de maio de 2017.
- Taller Infectolóxico Pediátrico (TIPICO). Santiago, 23-24 de novembro de 2017.
